



Concello de Guitiriz

BANDO

DONA MARÍA SOL MORANDEIRA MORANDEIRA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ FAI SABER:

Que en cumprimento do Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma, demais normativa estatal e autonómica de aplicación e seguindo as recomendacións da Fegamp, o Concello de Guitiriz **adopta as seguintes medidas dende o 16/03/2020 e ata o 30/03/2020:**

1. Manter a prestación do servizo de axuda no fogar e habilitar un teléfono continuamente operativo para os veciños/as para calquera cuestión relativa a servizos sociais (646.381.036).
2. Asistir aos veciños/as en situación de dependencia, soidade, mobilidade reducida ou similares para adquirir alimentos, produtos farmacéuticos ou de primeira necesidade. Asistiráselles previa solicitude de axuda ao Concello (646.381.036).
3. Suspende a atención o público do rexistro xeral e demais servizos administrativos municipais e establecer a comunicación obrigatoria co Concello por vía telemática, a través da sede electrónica (<https://guitiriz.sedelectronica.gal/info.0>) ou do correo electrónico (info@concellodeguitiriz.com), ou por vía telefónica (982.370.109).

En casos urxentes relativos aos servizos de Rexistro ou Servizos Sociais, ou se non se dispuxese de medios telemáticos, atenderase presencialmente de 9 a 14 horas previa petición de cita telefónica.

4. Suspende os termos e interromper os prazos, incluídos prescrición e caducidade, para a tramitación dos procedementos administrativos do Concello.
5. Suspende as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais: Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación e Comisións Informativas.
6. Pechar os parques infantís, prazas e resto de espazos abertos de uso público do municipio, así como as seguintes instalacións municipais: PAI, Centro de Día, Pavillón, Casa Habanera e Telecentro.
7. Suspende as escolas deportivas e de música municipais, os mercados os mércores e todas as actividades que se fosen a organizar nas dependencias

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5DQH64XFC4R6EFRZQK696TJG4 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Guitiriz

municipais, tanto polo Concello como por calquera outra entidade ou asociación.

8. Aprazar a Carreira Popular de Guitiriz, o I Slalom de Guitiriz, a final da Copa Terra Chá de fútbol sala e o campionato provincial de ximnasia rítmica.
9. Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 formada pola Alcaldesa e os/as Tenentes de alcalde, que contará co asesoramento do secretario, o interventor e o policía local municipais.
A Comisión estudará, entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc., que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
10. Reiterar aos veciños/as o obrigado cumprimento do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (<https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/14/pdfs/BOE-A-2020-3692.pdf>), así como as demais normas e instrucións que se vaian adoptando polas autoridades competentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

A alcaldesa-presidenta

María Sol Morandeira Morandeira



Cod. Validación: 5DQH64XFC4R6EFRZQK696TJG4 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178